# LIDERA

REVISTA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO XOVE TRANSFRONTERIZO




LIDERA

COOPERACIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL


Nº6 - Decembro 2018


Interreg España - Portugal LIDERA

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional

UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA

Decembro 2018

Nº6

3 Jovens portugueses e galegos participaram num Encontro de Juventude que reforçou a cooperação entre Portugal e Espanha

5 Encontro sectorial no Espazo Xove de Chantada: "Innovación, crecemento e expansión no sector turístico e hoteleiro"

6 Formación en educación non formal no marco do proxecto Lidera

7 Convocatoria de tres encontros sectoriais no marco de Proxecto Lidera

9 Convocatoria de tres novos encontros sectoriais e unha xornada formativa no marco do Proxecto Lidera

11 Próximas actividades do proxecto LIDERA

13 Workshops de "Emprendemento da A á Z" organizados no marco do Proxecto Lidera

**Jovens portugueses e galegos participaram num Encontro de Juventude que reforçou a cooperação entre Portugal e Espanha**




**Arcos de Valdevez, 23, 24 e 25 de novembro.** Cerca de 300 jovens do Norte de Portugal e da Galiza estiveram reunidos, em Arcos de Valdevez, numa feira de ideias, onde foi debatido o emprego e o empreendedorismo jovem, numa ação que contou com a presença do Secretário de Estado da Juventude e do Desporto, João Paulo Rebelo, que presidiu à Sessão Institucional do MEXE – Mostra e Encontro da Xuventude Empreendedora do Norte de Portugal e Galiza.

Numa altura em que está na agenda do dia, sendo mesmo encarado come uma das prioridades do Governo de Portugal, o desenvolvimento da cooperação entre Portugal e Espanha e o esforço comum para aproximar as zonas das fronteiras, a FNAJ — Federação Nacional das Associações Juvenis organizou o MEXE, nos dias 23, 24 e 25 de novembro de 2018, na Casa das Artes de Arcos de Valdevez, numa edição repleta de comunicações, debates, conferências, masterclasses, cinema, exposições, artes e Visitas pedagógicas.

No MEXE, por meio de painéis temáticos, foram muitas as ideias debatidas e partilhadas, em momentos como "O fruto da cooperação", no qual foram dados exemplos de projetos que surgiram no âmbito dos encontros de cooperação transfronteiriça, visto esta ser a 10º edição, mas a primeira que decorre no Alto Minho, ou em momentos de reflexão "A cooperação dá que pensar", onde se ponderaram algumas das soluções para os obstáculos formais que impedem uma maior cooperação na Euroregião Norte de Portugal e Galiza, que teve como oradores O presidente da RIET e CIM Alto Minho, José Maria Costa e a Vice-Presidente da CCDR Norte, Ester Silva. Na conferência "Sangue, suor e sucesso" foram partilhados muitos testemunhos de Empreendedores e Ganhadores, entre os quais o

escritor Pedro Chagas Freitas, O fundador do festival de música de Paredes de Coura, Vítor Paulo, o ultramaratonista, Carlos Sá, entre outros.
O Encontro terminou com uma visita pedagógica ao Sístelo "O Tibete Português", um mundo em reinvenção, com um crescimento turístico exponencial potenciador de novas oportunidades de negócio na região. Este Encontro, no qual participaram muitas associações juvenis galegas e portuguesas, entre as quais o Centro Recreativo e Cultural das Neves, integrouse no Projeto de Cooperação Transfronteriça denominado Interreg - LIDERA que inclui para além da FNAJ, a parceria com a Xunta de Galicia, a Fundación Galicia Europa, o Instituto Português do Desporto e Juventude, a Comunidade Intermunicipal do Ave e a Câmara de Comércio de Santiago de Compostela e contou com a colaboração das Fedeerações Distritais de Associações Juvenis do Norte de Portugal para além do especial apoio da Câmara Municipal de Arcos de Valdevez. Com o Mexe, a FNAJ promoveu um espaço de aprendizagem, informarção sobre questões de emprego e empreendedorismo, animação, cultura e lazer e que se afirmou como um marco qualitativo na afinação do associativismo juvenil na dinâmica da região do Norte de Portugal e da Galiza e da importância da participação dos jovens nas comunidades desta Euroregião.






## Encontro sectorial no Espazo Xove de Chantada: “Innovación, crecemento e expansión no sector turístico e hoteleiro”




**Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018**. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, no marco do proxecto Lidera, aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), realizará no Espazo Emprende sito no Espazo Xove de Chantada, o encontro sectorial “Innovación, crecemento e expansión no sector turístico e hoteleiro”, un encontro sectorial a pequena escala, onde os mozos e mozas e os distintos actores do territorio poderán establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades no eido do sector turístico e hoteleiro.

Data: 23 de outubro de 2018
Horario: 10:00-12:00 horas
Lugar: Espazo Xove de Chantada – Espazo Emprende.
Rúa Rosalía de Castro, 1
27500 Chantada. Lugo
Teléfono: 982 870 258

**Estudo do caso da empresa HOTUSA:**
- Actividades comerciais en máis de 130 países
- Proceso de desenvolvemento da actividade empresarial
- A innovación nos procesos de selección de persoal

**Ponente:** Pilar García, departamento de selección de persoal de HOTUSA.

Entrada libre para os/as mozos/as interesados/as.

# Formación en educación non formal no marco do proxecto Lidera




**Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018**. A FNAJ (Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal) organiza, no marco do proxecto Lidera, aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), unha formación en materia de educación non formal. A formación terá lugar os días 26 e 27 de setembro en O Porto baixo o título "A Forza da Educación Non Formal". **O programa da mesma é o seguinte:**

-Principios Conceptuáis da Educación non Formal

-A Educación Formal como proceso base na educación para a cidadanía e a participación

-Ferramentas de Educación non Formal

-Facilitación en Educación non Formal

-Deseño de formación no ámbito da Educación non Formal

Horario:

· 26 de outubro - 18h ás 21h

· 27 de outubro – 09:30h ás 18:30h

Inscrición gratuíta - inclúe comidas, aloxamento (se é necesario) e certificado de formación.

Inscricións ata o 22 de outubro na seguinte ligazón.

## Convocatoria de tres encontros sectoriais no marco de Proxecto Lidera



**Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018**. A Dirección Xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, no marco do proxecto Lidera, aprobado polo programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), convoca tres encontros sectoriais nos espazos xoves de Lalín, Tui e Viveiro.

**Encontro sectorial no espazo xove de Lalín: "Emprendemento sustentable"**

**CONTIDOS:**

- Emprendemento e saúde a través da produción ecolóxica
- Mellora da calidade de vida a través do consumo de produtos ecolóxicos
- A formación en produción e consumo sustentables como investimento en calidade de vida.

**Relator:** José Luis Rodríguez Barrio, emprendedor en produción e comercialización de carne ecolóxica.

Data: 24 de outubro de 2018
Horario: 11:30- 13:00 horas
Lugar: Espazo Xove de Lalín – Espazo Emprende.
Rúa Pena Toares, 2
36500 Lalín
Pontevedra

Entrada libre para os mozos interesados/ as.

**Encontro sectorial no espazo xove de Tui: "Márketing persoal para persoas emprendedoras"**

**CONTIDOS:**

- Comprender as diferenzas entre "falar e transmitir"
-Aprender a crear mensaxes emocionais que capten a atención da persoa interlocutora e esperten o seu interese
- Aprender a manexar a linguaxe non verbal, tanto na comunicación oral como na comunicación escrita
- Entender que un bo produto ou negocio necesita unha boa comunicación de posicionamento.

**Relator:** Roberto Pérez Marijan, experto en oratoria e márketing dixital.

Data: 6 de novembro de 2018
Horario: 10:00- 13:00 horas
Lugar: Espazo Xove de Tui – Espazo Emprende.
Rúa Sanz, 28
36.700 Tui
Pontevedra

Entrada libre para os mozos interesados/as.

**Encontro sectorial no espazo xove de Viveiro: "Mindfulness para emprender"**

**CONTIDOS:**

- Coidado da mente para lograr obxectivos
- Aplicacións prácticas do mindfulness
- Aprender a practicar mindfulness en diferentes situacións.

**Relator:** Manuel Darriba Parga, instrutor de mindfulness.

Data: 7 de novembro de 2018
Horario: 9:30- 14:30 horas
Lugar: Espazo Xove de Viveiro (Espazo Emprende)
Avda Cervantes
27850 Viveiro
Lugo

Entrada libre para os mozos interesados/as.

## Convocatoria de tres novos encontros sectoriais e unha xornada formativa no marco do Proxecto Lidera

PROXECTO LIDERA
CatalizadorDeOportunidades
DeEmprego&Emprendemento
XoveTransfronteirizo
xuventude.net

**Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018**. A Dirección Xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, no marco do proxecto Lidera, aprobado polo programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), convoca tres encontros sectoriais nos espacios xoves de Verín (Ourense), Pontedeume (A Coruña) e Ourense, ademais dunha xornada formativa que terá lugar no albergue xuvenil de Gandarío (A Coruña).

**Encontro sectorial na Eurocidade Chaves Verín "Xóvenes con vocación emprendedora- Emprender é fácil, se sabes como"**

**Contidos:**

Aprender a desenvolver un "mínimo produto viable"

Comprender o concepto de "proposta de valor diferencial"

Practicar o "Canvas model" para tomar conciencia dos elementos que conforman un modelo de negocio e entender a súa engrenaxe

**Relator:** Juan José Romero Crusat, experto en vendas e modelos de negocio.

Data: 8 de novembo de 2018
Horario: 11:00 a 13:30 horas
Lugar: Eurocidade Chaves Verín
Avda Portugal, s/n
32699 Verín
Ourense

**Encontro sectorial no Espazo Xove de Pontedeume "Surf, Ioga e Emprendemento"**

**Obxectivos:**

- Ofrecer ferramentas para que os mozos e mozas adquiran coñecementos que axuden ao seu desenvolvemento persoal e profesional
- Promover o coñecemento e valorización de novas figuras profesionais como posible saídas profesionais da mocidade
- Establecer unha dinámica de coñecemento e diálogo entre a mocidade e os axentes económicos do territorio, coa finalidade de impulsar novas

oportunidades de colaboración e mentoring

Data: 9 de novembro de 2018
Horario: 18:00-20:30 horas
Lugar: Espazo Xove de Pontedeume
Rúa Alameda de Raxoi, s/n
15600 Pontedeume
Inscricións: Mediante envío de correo electrónico a: info@rgdinamizacion.es

**<u>Encontro sectorial no Espacio Xove de Ourense "A Molinera, laboratorio de innovación dixital"</u>**

**Contidos:**
Ferramentas dixitais e tecnolóxicas para a sociedade do coñecemento.
Novas profesións, novos profesionais.
Relator: César Pichel, responsable do centro de coñecemento e innovación A Molinera (Concello de Ourense).

Data: 21 de novembro de 2018
Horario: 10:15- 12:00 horas
Lugar: Espazo Xove de Ourense – Espazo Emprende.
Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27
32004 Ourense

**<u>Xornadas formativas sobre perspectivas de negocio no ámbito rural</u>**

**Obxectivos:**

- Fomentar e informar á xuventude sobre novas perspectivas de negocio e de cultivos no medio rural.
- Fomentar a implantación de novos cultivos agrícolas que permitan obter beneficios económicos.
- Achegar os conceptos que permiten obter producións competitivas de calidade.
- Definir as técnicas e procesos para a produción dos cultivos alternativos que presenten unha perspectiva de negocio.
- Xestionar e interrelacionar as diferentes áreas funcionais da empresa.
- Prestar asesoramento técnico para poder alcanzar óptimos niveis de eficiencia na produción e obtención de produtos de alto valor engadido e boa rendibilidade económica a través do acceso ás canles curtas de comercialización.

Datas de realización: do 11 ao 14 de novembro de 2018.
Entrada: domingo, 11 de novembro a partir das 19:30 horas.
Saída: mércores, 14 de novembro a partir das 14:30 horas.
Lugar:Albergue xuvenil de Gandarío
Lugar, Cornide, 20
15167 Bergondo
A Coruña

## Próximas actividades do proxecto LIDERA




**Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.** A Dirección Xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, no marco do proxecto Lidera, aprobado polo programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), convoca diferentes actividades para os meses de novembro e decembro.

**<u>“Intercambios profesionais Galicia-Norte de Portugal”</u>**

**OBXECTIVOS:**

- Apoiar á mocidade na adquisición de coñecementos e habilidades que axudan a completar o seu desenvolvemento persoal e profesional
- Crear sinerxias entre mozos e mozas de Galicia e empresas de Portugal co fin de que xurdan novas oportunidades
- Axudar ao desenvolvemento dos proxectos empresariais dos mozos e mozas galegos, ou preparar aos mozos e mozas galegos á hora comezar un novo proxecto a través das novas tecnoloxías aplicadas a varios sectores
- Fomentar ideas innovadoras da xuventude a través da creatividade
- Promocionar e estimular o espírito emprendedor da xuventude a través de novos métodos de aprendizaxe baseados en “aprender facendo”

**ACTIVIDADES:** prácticas formativas non retribuídas en empresas de Portugal (area metropolitana do Porto) e actividades complementarias.

**DESTINATARIOS:** mozos e mozas galegos/as e portugueses/as con idades comprendidas entre 18 e 30 anos.
Estes destinatarios poden aportar a súa propia empresa de realización da práctica creativa. De non ser así, asignarase unha empresa adaptada ao perfil da persoa solicitante e segundo os criterios solicitados polas empresas colaboradoras no proxecto.

TEMPORIZACIÓN DOS INTERCAMBIOS: do 2 ao 7 de decembro de 2018.
PRAZO DE INSCRICIÓN: do 7 ao 20 de novembro de 2018.

**“Xornadas de Coaching”**

**OBXECTIVOS:**

- Formar en habilidades transversais
- Mellora das oportunidades de emprego e emprendemento dos mozos e mozas
- Dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar
- Propiciar o liderado da xente moza
- Proactivar cara á formación activa
- DESTINATARIOS/AS: Mozos e mozas galegos/as e portugueses/as con idades comprendidas entre 18 e 30 anos.
- LUGAR DE REALIZACIÓN: Varios.
- PRAZO DE INSCRICIÓN: Do 6 de novembro ás 12:00 horas do día anterior hábil á realización da xornada.

**“Asesoramento personalizado en liña”**

Tes en mente unha idea emprendedora, creativa, innovadora…?

Proxecto emprendedor, atréveste?

Se a túa resposta é que si, temos para ti unha ferramenta de consulta en liña que pon a túa disposición a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado cos obxectivos de mellorar as oportunidades de emprego e emprendemento da xuventude galega e portuguesa e apoiala para seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional.

A través deste servizo terás a túa disposición a profesionais de diversos sectores que che axudarán a impulsar e/ou avanzar na túa idea emprendedora, creativa, innovadora…, analizándoa dende diversos puntos de vista e asesorándote para que poidas acadar novas oportunidades.

**Varios encontros sectoriais:**

Encontro sectorial **“Emprendemento en base a cultivos hortícolas"** (Espazo Xove de Curtis, 12 de novembro de 2018).

Encontro sectorial **“Obtención de maior valor engadido en producións agrarias e gandeiras”** (Espazo Xove de Pontedeume, 13 de novembro de 2018).

Encontro sectorial **“Novos cultivos de viabilidade no medio rural”** (Espazo Xove de Betanzos, 14 de novembro de 2018).

Encontro sectorial **“Emprendemento no sector agrogandeiro e transformación agraria: casos de éxito”** (Espazo Xove de Vilalba, 14 de novembro de 2018).

# Workshops de ”Emprendemento da A á Z” organizados no marco do Proxecto Lidera




**Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.** A Dirección Rexional do Norte do Instituto Portugués do Deporte e a Mocidade (IPDJ), no marco do proxecto Lidera, aprobado polo programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), abriu o prazo de inscrición para a participación nos Workshops de **“Emprendemento da A á Z”**, que terán lugar nas oficinas do IPDJ en Viana do Castelo, Braga e Porto nos días 20, 21 e 22 de novembro respectivamente, entre as 14:30 e as 17:30 horas.

As actividades están destinadas a mozos e mozas galegos/as e portugueses/as que busquen adquirir ou mellorar as súas competencias técnicas e sociais na área do emprendemento.

Cada un dos workshops terá unha duración de tres horas, dentro das que se presentará o caso práctico “Portugal Active”, exemplo empresarial de éxito.

Para máis información e inscricións os mozos/as interesados/as poderán contactar cos servizos do IPDJ:

Teléfono: +351258808815

Email: emilia.martins@ipdj.pt

Inscricións: https://www.facebook.com/pg/projeto-Lidera-312756542650914/ events/? ref= page_ internal

